

# Curso de Formación Básica en Materia de **Igualdade**



Marzo: días 18 e 24  
Abril: días 7, 15, 22 e 29  
Maio: días 6, 13 e 18





1ª sesión: 18/03/26 de 10 a 13 h  
2ª sesión e sucesivas: de 10 a 14h

## Formación homologada



Asistencia mínima para  
obtención do certificado:  
70% do total de horas  
lectivas



-  A formación homologada en igualdade de xénero puntúa e é baremable na maioría de convocatorias públicas en España, incluíndo oposicións, concursos de méritos, bolsas de emprego, etc.
-  De especial interese para acreditación de méritos en programas como o 'Galicia Investiga Igualdade' da Xunta de Galicia, destinado a apoiar a formación de dez estudantes predoutorais nas universidades galegas para que desenvolvan investigacións centradas en igualdade de xénero.



# Curso de Formación Básica en Materia de Igualdade

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## PRESENTACIÓN

ECOBAS asume, desde o seu nacemento, un amplo compromiso con los valores de igualdade de oportunidades, igualdade de trato e non discriminación por razóns de xénero, idade, condición social, relixión ou calquera outra. Dacordo con este principio reitor, o centro leva adiante a encomenda de despregar accións orientadas á redución destas desigualdades, tanto no seo da propia organización, coma no conxunto da sociedade.

Este curso proporcionará ao alumnado os coñecementos fundamentais sobre:

- o marco normativo existente en materia de igualdade en España
- os aspectos que interveñen na elaboración das políticas públicas de igualdade
- o marco de desigualdades estruturais e discriminación nos distintos ámbitos da vida -persoal, familiar, laboral...
- as estratexias, alianzas, mecanismos e instrumentos para combater a desigualdade

## METODOLOXÍA

O curso se estrutura en 12 sesións formativas de 3 horas de duración, que serán impartidas seguindo unha metodoloxía activa, fomentando a participación do alumnado.

Ao longo do curso as persoas participantes deberán realizar prácticas non avaliadas mediante material audiovisual, literario e de comunicación, co obxectivo de aportar carácter dinámico e interactivo á experiencia de aprendizaxe.

O equipo de formadoras realizará un seguemento e avaliación da actividade do alumnado e valorará os coñecementos e habilidades adquiridos durante o curso e en cada unha das unidades didácticas. O alumnado deberá realizar:

- >>> 1 test por cada unidade didáctica.
- >>> 1 test final.
- >>> 1 práctica evaluable que será cualificada (apta/non apta)



# Curso de Formación Básica en Materia de Igualdade

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## EQUIPO



**LAURA SEARA SOBRADO** • Directora e Socia Fundadora RED Talento

Avogada, consultora de Xénero, axente de Igualdade. Asesora legal da Fundación Cermi Mujeres. Licenciada en Dereito e Máster en Calidade dos Servizos con tesina cum laude. Máster Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Xénero. Conta cunha importante traxectoria de máis de 25 anos no ámbito das políticas de igualdade. Entre outras responsabilidades, exerceu como Secretaria de Estado de Igualdade e Directora Xeral do Instituto da Muller do Gobierno de España (2009-2011), etapa na que participou activamente no desenvolvemento da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ten participado en diversos proxectos internacionais de xénero e foi relatora en máis dun centenar de cursos e xornadas en universidades españolas e latinoamericanas. Participou en cumios de Nacións Unidas como Beijing+15, Cepal, a OIT, a OIM ou a Comisión Europea e é autora ou co-autora de estudos, artigos e outras publicacións sobre xénero, discapacidade e dereitos humanos.



**AIDA BARRETO DOS SANTOS** • Directora e Socia Fundadora RED Talento

Graduada en Ciencias Políticas pola Universidad Complutense de Madrid e Técnica de Investigación Social Aplicada e Analista de Datos polo Centro de Investigaciones Sociológicas.

Actualmente é Técnica en Avaliación de Políticas Públicas e Acordos de Niveis de Servizo nunha consultora tecnolóxica e Investigadora Social e Analista de Datos en Red Talento Consultoras desde 2019.

Como técnica cuantitativa en Red Talento Consultoras participou na elaboración do informe *“Valoracións, percepcións e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo (2019-2020)”* e realiza os diagnósticos de xénero preceptivos para os Plans de Igualdade.



# Curso de Formación Básica en Materia de Igualdade

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## ESTRUTURA DO CURSO: UNIDADES DIDÁCTICAS

### 01 Introducción ás políticas públicas de igualdade

- Introducción e antecedentes.
- Etapas do feminismo como antecedentes das políticas de igualdade.
- Igualdade como principio fundamental.
- Marco teórico conceptual.
- Definicións.
- Marco normativo internacional, estatal e rexional.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Primeiras políticas públicas de igualdade en Europa, España, nas CCAA e evolución comparada.
- Evolución da institucionalización das políticas públicas de igualdade.
- Axenda contemporánea das políticas públicas de igualdade. Ameazas e retos.

### 02 Estratexias e ferramentas para o deseño das políticas de Igualdade

- Instrumentos, estratexias e ferramentas para o desenvolvemento da igualdade.
- Desenvolvemento de accións positivas.
- Plans Estratéxicos de Igualdade.
- A transversalidade.
- Impacto de xénero.
- Informes de impacto de xénero.
- Deseño de indicadores.
- Elaboración de diagnósticos.
- Avaliación e seguimento.

### 03 A desigualdade estrutural e a discriminación

- Conceptos da desigualdade estrutural.
- Detección dos eixos da desigualdade.
- Interseccionalidade.
- A discriminación e todas as súas formas: discriminación directa, indirecta, múltiple, por asociación e interseccional.
- Lexislación específica.
- Mecanismos de protección.



# Curso de Formación Básica en Materia de Igualdade

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## ESTRUTURA DO CURSO: UNIDADES DIDÁCTICAS

### 04 Aplicación do enfoque de xénero nas políticas sectoriais de Igualdade

- Enfoque de xénero nas políticas sectoriais.
- Emprego e emprendemento.
- Economía.
- Comunicación.
- Redes sociais e tecnoloxías.
- Deseño dos espazos públicos. A perspectiva de xénero no urbanismo, a mobilidade e a seguridade.
- Educación.
- Cultura e audiovisual.
- Saúde.
- Discapacidade.
- Cambio climático.
- Violencia de xénero:
  - Marco teórico conceptual. Marco normativo internacional, estatal e rexional.
  - Tipos de violencia de xénero
  - Análise da Lei Orgánica 1/2004.
  - Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres (Convenio de Istambul) e Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
  - Violencia sexual.

### 05 A participación das mulleres e o impacto na economía

- Participación política, social e económica.
- Empoderamento.
- Participación das mulleres no mercado laboral.
- Conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- Presencia de mulleres en espazos de toma de decisión. Liderados.
- Mecanismos de participación públicos, formais e non formais.
- Canles formais de participación e impacto no deseño das políticas de igualdade.



# Curso de Formación Básica en Materia de Igualdade

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## ESTRUTURA DO CURSO: UNIDADES DIDÁCTICAS

### 06 Incorporación da perspectiva de xénero en proxectos de investigación

- Conceptos básicos de xénero e investigación.
- Que é a perspectiva de xénero nos contidos de investigación.
- Verificación para a incorporación da perspectiva de xénero no contido das investigacións.
- Aplicación da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento dos proxectos de investigación.
- Como incorporar a perspectiva de xénero na difusión e impacto da investigación.
- Estándares e modelos de referencia.
- Manuais de referencia.



#### Casos prácticos

- Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i.
- Áreas de ciencias da saúde.
- Área de comunicación.
- Área de CC xurídicas.
- Área de planificación urbana.
- Área de ciencias económicas.
- Investigacións de xénero.

## PLANNING

- ✓ 35 horas lectivas + 5 horas de traballo autónomo
- ✓ Inicio das clases: 18 de marzo 2026 / Remate: 18 de maio 2026
- ✓ Calendario das sesións: 18 e 24 de marzo; 7, 15, 22 e 29 de abril; 6, 13 e 18 de maio.
- ✓ Horario: 1ª sesión de 10h a 13h; 2ª sesión e sucesivas de 10h a 14h.



# CURSO DE FORMACIÓN BÁSICA EN MATERIA DE IGUALDADE

Inicio: 18 de marzo, 2026 · Remate: 18 de maio, 2026

## INFORMACIÓN PRÁCTICAS



### PERSOAS DESTINATARIAS

- Persoal investigador: senior, posdoutoral e predoutoral
- Alumnado dos programas de doutoramento do SUG
- Alumnado matriculado en programas de mestrado do SUG



### PLANNING

- 35 horas lectivas + 5 horas de traballo autónomo
- Inicio das clases: 18 de marzo 2026 / Remate: 18 de maio 2026
- Calendario das sesións: 18 e 24 de marzo; 7, 15, 22 e 29 de abril; 6, 13 e 18 de maio
- Horario: 1ª sesión de 10h a 13h; 2ª sesión e sucesivas de 10h a 14h.



### PRESENCIAL ou ONLINE



- Ourense, Facultade CC. Empresariais e Turismo - Aula 0.4
- ECOBAS Academy via Teams



### INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

- Prezos: matrícula gratuita para o PDI con vinculación a ECOBAS e o alumnado matriculado en programas de mestrado ou doutoramento do SUG.
- A adxudicación de prazas realizarase por estrito orde de chegada das solicitudes.
- A organización confirmará a matrícula por correo electrónico e, no caso de modalidade de asistencia online, facilitará as credenciais de acceso.



### OBTENCIÓN DO CERTIFICADO

- Será preciso asistir ao 70% da totalidade de horas lectivas.
- A homologación desta formación asegura que o programa cumpre cos estándares de calidade e contidos, así coma co profesorado acreditado para a súa impartición, segundo establece a normativa vixente.

**Completa aquí a túa**  
**MATRÍCULA**

